

CONTIDOS

CONTIDOS

Avaliación	UD	Título	Avaliación	UD	Título
1ª-2ª-3ª		Resolución de problemas	2ª	8	Lugares xeométricos
1ª	1	Números racionais	2ª	9	Movements e semellanzas
1ª	2	Potencias e raíces	2ª	10	Corpos xeométricos
1ª	3	Progresións	3ª	11	Funcións
1ª	4	Proporcionalidade numérica	3ª	12	Funcións lineais e cuadráticas
1ª	5	Polinomios	3ª	13	Estatística
2ª	6	Ecuacións de primeiro e segundo grao	3ª	14	Probabilidade
2ª	7	Sistemas de ecuacións			

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua, formativa e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas. Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro. En cada avaliación haberá como mínimo dúas probas escritas ou exames. Na última proba de cada avaliación, poderá preguntarse ao alumnado por toda a materia estudada dende o comezo do curso ata ese momento.

Obtención da cualificación

Probas escritas	75% (30% controis e 45% exame avaliación)
Traballo persoal e/ou proxectos	20%
Cálculo mental	5%
O alumnado que participe en actividades do Departamento, tales como Campionato de Polinomios, Open Matemático, Canguro Matemático e outras, engadirá ata 1 punto á nota da avaliación correspondente segundo os criterios fixados en cada actividade, tendo en conta que a nota final da avaliación ten que axustarse á lexislación, isto é, debe ser menor o igual que 10.	

Para aprobar a avaliación é necesario acadar a cualificación de **cinco puntos**.

Ao remate da terceira avaliación daráselle ao alumnado a posibilidade de subir a nota cunha proba global de toda a materia.

A cualificación da *avaliación ordinaria* obterase coa media ponderada das cualificacións das tres avaliacións cos seguintes "pesos" (porcentaxes): **1ªavaliación: 25 %**, **2ªavaliación: 35 %**, **3ªavaliación: 40 %**. Debido a que se trata de avaliación continua, no caso de ter superada a terceira avaliación, se a media ponderada non acada o 5, a cualificación final será de 5.

Se un alumno ou alumna non supera a materia na avaliación ordinaria, na avaliación extraordinaria realizará unha proba global da materia que será calificada de 0 a 10 puntos. Para obter o aprobado é necesario acadar a cualificación de **cinco puntos**.

No caso de detectar que se copia nun exame retirárase o exame inmediatamente e darase a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de, alomenos, dous membros do departamento. Esta mesma medida **podería** aplicarse cando un alumno/a non asista ao exame de avaliación.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: SI

Lecturas Recomendadas:

“Malditas matemáticas. Alicia en el país de los números”, “Las matemáticas en la vida cotidiana”, “El asesinato del profesor de matemáticas”, “El diablo de los números”, textos matemáticos escollidos, etc.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Open Matemático, Matemáticas na raia,....